

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

### **PONTEAREAS**

#### **Ordenanzas e Regulamentos**

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA CONCESIÓN DE ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRAVÍAS, BEIRARRÚAS E RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA OU DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE*

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria levada a cabo o 26 de xullo de 2022, acordou aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da concesión de entradas de vehículos a través de beiravías, beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga ou descarga de mercadorías de calquera clase.

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 148, do 4 de agosto de 2022, publicouse o anuncio da aprobación inicial, sometendo o expediente a un período de información pública e audiencia, por prazo de trinta días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación para a presentación de reclamacións e suxestións.

De conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ao non terse presentado alegación ou reclamación algunha, enténdese aprobada definitivamente a modificación da ordenanza.

Segundo o establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, publícase o texto íntegro da ordenanza, coa seguinte redacción:

#### **ARTIGO 1º. NATUREZA**

Está suxeito a Autorización Municipal o acceso ou saídas de vehículos ao interior de inmobles cando sexa necesario cruzar beiravías, beirarrúas ou outros bens de dominio e uso público ou o seu uso privativo ou que supoña unha especial restrición do uso que corresponda a toda a cidadanía respecto a estes bens ou impida o estacionamento ou parada doutros vehículos no espazo público polo que se realiza o acceso ou o uso especial e outras reservas análogas.

#### **ARTIGO 2º. AUTORIZACIÓN**

A autorización de entrada de vehículos ou aproveitamento especial do dominio público municipal será concedida pola Alcaldía ou Concellería delegada correspondente a proposta dos servizos municipais correspondentes.

Cando as dimensións reducidas de determinadas rúas ou as condicións ou intensidade do tráfico o xustificuen, o Alcalde ou a Alcaldesa ou o/a Concelleiro/a delegado/a competente poderá denegar as solicitudes de licenza de pasaxe de vehículos que lles afecten na totalidade da rúa ou en certos tramos en que sexa necesario.



Xoves, 29 de setembro de 2022

Núm. 187

A solicitude da autorización de entrada de vehículos ou aproveitamento especial do dominio público municipal deberá ser presentada polos propietarios e/ou polos posuidores lexítimos dos inmobles aos que se teña que permitir o acceso ou aproveitamento especial, ou ben, polos/as titulares das actividades, no seu caso, así como os promotores ou contratistas no suposto de obras.

O/a titular da licenza é o/a único/a responsable de cantas obrigas atinxan aos usuarios do vao ou aproveitamento especial, calquera que sexan estas.

A Administración poderá iniciar de oficio a autorización do vao ou aproveitamento especial naqueles casos nos que coñeza o exercicio dun particular do uso que lle outorgaría a Licenza Municipal para esta actividade.

Enténdese por vao na vía pública o dereito outorgado cunha autorización destinada exclusivamente a facilitar o acceso de vehículos aos locais situados nas fincas diante das que se practique, circulando a través dunha beiravía ou beirarrúa, con ou sen modificación da súa estrutura ou do seu bordo.

No suposto de que o interesado necesite realizar algunha obra de adaptación para o vao ou o uso especial que se autoriza deberá pedir o correspondente permiso de obra.

Non se permitirá en ningún caso facer rebaixes na beiravía ou beirarrúa para instalación permanente de ramplas ou calquera outros elementos e as portas de garaxe non excederán na súa apertura a liña de fachada. Para a instalación provisoria ou circunstancial de elementos móbiles accesorios para o uso da concesión é necesario obter autorización previa.

As deterioracións ocasionadas en beiravías e beirarrúas con motivo do uso especial que comporta a entrada e saída de vehículos con ocasión do vao autorizado, serán responsabilidade dos titulares da autorización, quen virán obrigados á súa reparación a requirimento da autoridade municipal e dentro do prazo que ao efecto se outorgue. O incumprimento dará lugar á execución forzosa nos termos regulados na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

### **ARTIGO 3º. TIPOS DE AUTORIZACIÓN**

**A.- PERMANENTES:** Recoñece e resérvalle ao/á titular o dereito do uso especial a calquera hora do día e en todos os días do ano.

- Garaxes privados ou de comunidades de propietarios cunha superficie mínima de 35 metros cadrados.
- Garaxes públicos e talleres cando acrediten que prestan servizos permanentes de urxencia.
- Garaxes destinados a usos de vivenda unifamiliar.



Xoves, 29 de setembro de 2022

Núm. 187

- Edificios ou instalacións de equipamentos comunitarios de carácter sanitario, hospitais e ambulatorios e de carácter asistencial (centros de maiores, centros de día, centros de asistencia para persoas con necesidades especiais, ...).
- Gasolineiras, estacións de servizo, venda de carburantes.
- Aparcamentos de promoción pública.
- Edificios destinados a organismos oficiais, cando a natureza do mesmo o esixe.

**B.- LABORAIS:** De uso horario, só limitarán o estacionamento neles, nas mesmas condicións que os permanentes, durante a xornada laboral do establecemento de que se trate.

- Concesionarios de automóbiles, compravenda de vehículos usados e alugueiro sen condutor.
- Edificios e instalacións de equipamento comunitario de carácter educativo (escolas infantís, colexios, institutos, ...).
- Edificios ou instalacións das administracións públicas agás que se xustifique a necesidade de utilizar unha autorización permanente.
- Talleres que non xustifiquen que prestan servizo permanente de urxencia.
- Obras de construción, derruba, reforma e reparación de edificios.
- Almacéns de actividades comerciais.
- Outras actividades de características análogas.

O horario laboral, establécese con carácter xeral de 9:00 ás 21:00 horas, con excepción de domingos e festivos. En casos especiais, e con xustificación previa, poderán autorizarse as reservas da vía pública fóra deste horario, incluso para horas determinadas, sen que o número destas poda ser superior a oito horas diarias. En calquera caso, o horario autorizado deberá constar no correspondente sinal.

O disposto neste artigo non impedirá a parada de vehículos nas zonas de reserva da vía pública, sempre que o condutor se atope permanentemente dentro do propio vehículo, a fin de desprazalo se for precisa a utilización do vao ou espazo reservado.

#### **ARTIGO 4º. SINALIZACIÓN**

As entradas e saídas de vehículos que se autoricen sinalizaranse e delimitaranse con dous tipos de sinalización obrigatoria:

##### *VERTICAL:*

Nas entradas de vehículos, é obrigatoria a instalación, na porta, fachada ou construción, do sinal oficial de vao que será entregado polo Concello na forma en que determine, previo ingreso do interesado das taxas fixadas ao efecto por esta Ordenanza, nas que constará:



Xoves, 29 de setembro de 2022

Núm. 187

- nº de identificación outorgado polo Concello.
- A denominación do vao: “PERMANENTE” ou “LABORAL”. Debendo constar neste último caso, o horario.

**HORIZONTAL:**

Nas entradas e saídas de vehículos, consiste nunha franxa amarela de lonxitude correspondente á do ancho do espazo autorizado pintada no bordo ou na calzada xunto ao bordo.

Agás informe contrario do/a Técnico/a Municipal, estará centrada con respecto ao portal de acceso dos vehículos e sinalizarse tendo en conta o ancho, o tráfico e o sentido da vía.

As ramplas deberán estar pintadas de cor amarelo e colocaranse obrigatoriamente na calzada, non permitíndose os rebaixes dos bordos da beirarrúa. Serán metálicas e non sobresaírán máis de 30 cm con respecto ao bordo, os laterais das ramplas non poderán presentar arestas, debendo presentar un remate nesgado cara a calzada.

Nas reservas de vía pública ou aparcamento exclusivo, o espazo afectado sinalízase de acordo coa normativa de circulación vixente.

Se fose preciso reservar a calzada na zona oposta á propia do vao, (contravao) sinalizarse coa liña amarela na calzada a lonxitude precisa, nas condicións antes sinaladas. Esta reserva devindicará as taxas municipais que correspondan. Se fose preciso, sinalizaríase a zona de “contravao” con outra sinalización, atendendo ao informe da Policía Local elaborado ao efecto.

Os gastos que ocasione a sinalización descrita, así como as obras necesarias serán a conta do solicitante, que virá obrigado a manter a sinalización tanto vertical como horizontal nas debidas condicións durante todo o período de vixencia da autorización

**ARTIGO 5º. DEREITOS E OBRIGAS DA PERSOA TITULAR DA LICENZA.**

Os/as titulares das pasaxes de vehículos ou aproveitamentos especiais gozarán dos seguintes dereitos:

- Á súa utilización, nos termos fixados na autorización.
- A non seren perturbados/as ou imposibilitados/as no dereito de utilizar a concesión da que a persoa é titular pola parada ou estacionamento nela de vehículos ou pola presenza de obxectos de calquera clase.
- A que os servizos municipais competentes garantan o uso da concesión autorizada nos termos establecidos nesta ordenanza e na normativa en materia de mobilidade. A devandita protección non se estenderá a aquelas autorizacións que non teñan instalada a sinalización aprobada de acordo coas normas contidas nesta Ordenanza.
- O tránsito estritamente necesario polas zonas e horarios peonís para acceder ás pasaxes ou aproveitamentos especiais que teñan autorizados.



Xoves, 29 de setembro de 2022

Núm. 187

Ao/á titular da licenza do vao ou uso especial, ou á comunidade de propietarios correspondente, seranlle de aplicación as seguintes obrigas:

- Cumprir o disposto na autorización e na normativa aplicable.
- Responder da conservación da vía pública obxecto da concesión e de todos os danos producidos nela e, en particular, os que afecten á calzada, beiravías, beirarrúas, paseos, mobiliario urbano e elementos de sinalización ou servizos.
- Realizar, á súa conta, as obras de sinalización e adecuación necesarias na beirarrúa ou parte da vía pública que delimiten na licenza. Estas obras, en todo caso, deberán estar expresamente autorizadas polo Concello e baixo a inspección do/a técnico/a municipal.
- Manter en bo estado de conservación os espazos autorizados pola licenza, e mantelos limpos de graxas, aceites ou outros elementos que puideran depositarse como consecuencia do tránsito de vehículos.
- Comunicar por escrito á Administración Municipal calquera cambio da titularidade ou calquera modificación nas circunstancias físicas ou de uso do paso que determine un cambio na autorización nos termos dispostos nesta Ordenanza.
- Instalar en prazo e conservar en bo estado a sinalización que identifique o vao ou aproveitamento especial da vía pública, permanente en zona visible da porta de entrada e/ou saída do inmovible, preferentemente no lateral dereito ou, no seu defecto, na zona central superior da fachada da porta. Excepcionalmente, naqueles inmovibles con accesos de longo percorrido, permitirase que se coloque o sinal de vao en barra vertical.
- A adquisición, no seu caso, do sinal oficial de vao facilitada polo Concello na forma en que determine, debendo aboar a taxa aprobada e este fin.
- Solicitar novos sinais oficiais de vao e pago do tributo correspondente, no caso de perda ou deterioro dos mesmos.
- Entregar no Concello os sinais oficiais correspondentes en caso de resolución da licenza ou renuncia voluntaria.
- Aboar os tributos debidamente aprobados polo Concello derivados do aproveitamento especial, constituíndo a súa falla de pago causa suficiente para a resolución da licenza, sen prexuízo do pago dos tributos devindicados ata a data da resolución.
- Solicitar a baixa ou anulación do aproveitamento especial cando cese a súa utilización, debendo adoptar as medidas previstas no ARTIGO 7º, puntos 8, 9 e 10, desta Ordenanza.

O titular da licenza non poderá:

- Colocar cadeas ou elementos físicos de balizamento nos espazos autorizados sen a previa autorización municipal.
- Destinar o espazo público afectado a fins ou usos distintos dos indicados na licenza.



Xoves, 29 de setembro de 2022

Núm. 187

- Efectuar no espazo público ramplas ou obras de calquera tipo, ou colocación de elementos auxiliares, que non estean previamente autorizados polo Concello.
- Colocar placas ou sinais distintos dos oficiais autorizados polo Concello.

## **ARTIGO 6º. NORMAS XERAIS SOBRE CONSTRUCCIÓN E SUPRESIÓN DAS PASAXES DE VEHÍCULOS**

1. A construción da pasaxe deberá cumprir as condicións que se sinalen no acordo de autorización.

As pasaxes de vehículos non poderán invadir o ámbito do itinerario peonil accesible nin alterar as pendentes lonxitudinais e transversais dos itinerarios peonís que atravesen. Non coincidirán, en ningún caso, coas pasaxes de uso peonil.

As obras de construción, modificación ou supresión de pasaxes de vehículos deberán cumprir co estipulado nesta norma a respecto da protección e sinalización de obras e de ocupación da vía pública así como as demais normas sectoriais aplicables.

2. O prazo de execución das obras será o indicado na autorización e comezará a computarse na data que se sinale naquela.

O/a titular será responsable ante o Concello do cumprimento dos prazos, así como do inicio e finalización dos traballos nas datas reflectidas na licenza sen prexuízo das posibles prórrogas que deberán ser solicitadas expresamente.

3. Finalizadas as obras, procederá a súa recepción ou aceptación unha vez comprobado o seu estado de execución polos servizos técnicos da Concalleira delegada competente que emitirán o correspondente informe. Se este fose desfavorable o/a titular da licenza estará obrigado á reposición do pavimento ao seu estado orixinal ou, se é o caso, a levar a cabo as modificacións que os técnicos municipais determinen, sendo de aplicación para este efecto o disposto no punto seguinte deste artigo ao respecto da execución subsidiaria.

4. As obras executadas ao abeiro destas normas terán un período de garantía de un ano a partir da data do certificado de fin de obra ou de reparación das deficiencias, se é o caso.

Os traballos de reparación deberán comezar no prazo máximo de dous días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación do requirimento. De non se iniciaren as obras de emenda das deficiencias no prazo indicado, o servizo municipal competente poderá levar a cabo a súa reparación, directa ou indirectamente, mediante execución subsidiaria. Correrán por conta do/a titular da licenza a totalidade dos gastos orixinados, que poderán cubrirse, se é o caso, coa fianza formalizada; se esta cantidade non fose suficiente o/a titular deberá aboar a diferenza ata cubrir o importe total da reparación.



**ARTIGO 7º. NORMAS DE XESTIÓN**

1. As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta Ordenanza deberán presentar unha petición previa nas oficinas do Rexistro Municipal ou polos medios telemáticos que se habiliten a este efecto, xustificando a necesidade da pasaxe ou uso especial e achegando a seguinte documentación:

- Memoria descritiva e xustificativa da necesidade da pasaxe ou aproveitamento especial que se solicita, na que se indicarán tamén os materiais que se van utilizar nas obras, con expresión da súa dimensión e calidades, así como das medidas de sinalización e balizamento que se van adoptar durante a súa realización.
- Plano de situación a escala 1:2.000 da cartografía municipal.
- Plano da fachada do inmovible a escala 1:50, con acoutamento expreso do pavimento do espazo afectado pola concesión (beiravía, beirarrúa, zona de carga e descarga, acceso á finca, paso, ...). Sinalarase amais a existencia de calquera elemento accesorio no espazo público (árbores, sinais, bancos, farois, plantacións, colectores, ...)
- Plano de planta e número de prazas existentes por andar.
- Fotografías da fachada do inmovible.
- Licencia de obras e primeira ocupación cando nelas conste zona ou reserva de aparcamento.
- Licencia de habilitación do local para garaxe ou outro uso que posibilite a autorización do vao ou uso especial ou a correspondente comunicación previa do exercicio da actividade.
- Autorización de modificación de uso, cando non requira obra.
- Orzamento de execución material, no caso de execución de obra.
- Licencia de apertura:
  - Cando nela consta zona de aparcamento.
  - Cando, aínda que non conste, se outorgue para o desenvolvemento de actividade de taller de reparación de vehículos, de venda ou alugueiro ou exposición de vehículos, lavado e engraxe de vehículos, inspección de vehículos e estacións de servizo.
- Xustificante do pago da taxa correspondente.

Cando os documentos esixidos sexan dos expedidos pola Administración actuante, poderá suplirse a súa aportación cando así o faga constar o/a interesado/a e facilite os datos necesarios para a localización e verificación da súa existencia pola Administración e outorgaranse despois da comprobación dos documentos presentados e emitidos os informes favorables polos servizos correspondentes.



Xoves, 29 de setembro de 2022

Núm. 187

A autorización outorgarase logo de comprobados os documentos presentados e de contar co informe favorable dos servizos técnicos municipais.

Se a autorización implica a necesidade de facer obras, esixirase unha garantía para responder do custo de reparación da beirarrúa, da calzada ou dos equipamentos municipais, segundo as indicacións dos técnicos municipais.

Ao remate das obras comunicarase ao Concello presentando o correspondente certificado final de obra e, unha vez comprobada pola inspección técnica municipal a idoneidade na execución da obra, procederase a devolver a garantía depositada.

2. No caso de utilizacións ou aproveitamentos puntuais a solicitude deberá achegar o xustificante de ter ingresado o importe da taxa mediante autoliquidación.

No caso de denegárense as autorizacións, as persoas interesadas poderán solicitar a devolución da taxa ingresada, sempre que non se teña producido o feito imponible.

3. No caso de utilizacións ou aproveitamentos que non teñan a consideración de puntuais, unha vez autorizada a ocupación, os suxeitos pasivos serán incluídos nun padrón periódico cun sistema de cobro por recibos, esixíndose a taxa anualmente.

Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento, entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o/a interesado/a.

4. Se estivese realizando o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización que lle outorgaría a Licenza Municipal para a entrada de vehículos ou reserva de vía pública, a Administración poderá iniciar de oficio a concesión.

Neste caso, comprobada a existencia do aproveitamento e previa notificación á persoa ou entidade propietaria ou ao/á posible titular da licenza, procederase á apertura do expediente administrativo dirixido ao outorgamento e alta nos padróns municipais afectados, momento a partir do cal o titular ficará suxeito ao cumprimento das obrigas derivadas das Ordenanzas substantiva e fiscal, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador polas infraccións cometidas derivadas do exercicio deste uso sen a debida autorización.

5. Os cambios de titularidade da autorización da concesión terán que comunicarse por escrito ao Concello no prazo de dez días desde o seguinte a aquel en que se formalice o documento que conteña o feito, acto ou negocio que os xustifique co obxecto de que se poida tomar coñecemento destes e modificar os datos da autorización concedida.

A comunicación, á que se acompañará copia da autorización que se pretende transmitir, deberán realizala o/a antigo/a e o/a novo/a titular, cubrindo para este efecto a correspondente solicitude. Así e todo, a comunicación do/a titular antigo/a poderá ser substituída pola documentación acreditativa do cambio da titularidade.

A falla de comunicación determinará que ambos os dous suxeitos queden sometidos a todas as responsabilidades que se deriven para o/a titular da autorización.





Xoves, 29 de setembro de 2022

Núm. 187

6. O Concello poderá suspender, por razóns do tráfico, obras na vía pública, eventos ou outras circunstancias extraordinarias, os efectos da autorización de entrada e saída de vehículos ou aproveitamento especial, ofrecendo solucións alternativas aos/ás titulares da autorización e usuarios/as afectados/as durante o tempo que dure a alteración.

7. As autorizacións poderán ser revogadas polo órgano que as ditou nos seguintes casos:

- Por razóns de interese público.
- Por terse destinado a fins ou usos distintos dos que motivaron o seu outorgamento.
- Por ter desaparecido as causas ou circunstancias que deron lugar ao seu outorgamento ou sobreviñesen outras que, de teren existido, xustificarían a denegación.
- Incumprimento acreditado da obriga de pagamento da taxas fiscais que correspondan.
- Por cometer calquera infracción en contra das normas contidas nesta Ordenanza, na Lei de Seguridade Viaria ou calquera outra norma aplicable ao caso.
- Por incumprimento das condicións relativas aos horarios ou carecer da sinalización axeitada.
- Por non realizar a conservación da vía pública obxecto da concesión ou non reparar os danos producidos nela.
- Por causas motivadas relativas ao tráfico ou circunstancias da vía pública.

O expediente de revogación iniciarase de oficio ou a instancia de parte.

A revogación dará lugar á obriga do titular de retirar a sinalización, repoñer o bordo da beirarrúa ou beiravía ao seu estado inicial e entregar o sinal identificativo no Concello.

8. Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e producirá efectos no período natural seguinte ao de presentación da mesma, podendo, no seu caso, ratearse por meses.

A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

9. Cando se solicite a baixa ou anulación da autorización de entrada de vehículos ou aproveitamento especial do que se viña gozando, deberase suprimir toda a sinalización indicativa da existencia da entrada ou aproveitamento privativo e entregar a placa nos Servizos Municipais correspondentes. Previa comprobación do cumprimento destes requirimentos polos Servizos Municipais correspondentes, procederase á concesión da baixa solicitada.

10. Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial houbera entrañado a destrución, alteración ou deterioro do dominio público local, o titular da licenza, sen prexuízo do pago da taxa correspondente, estará obrigado á reparación do bordo da beirarrúa ao estado inicial, ou ben ao reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación facendo depósito previo do seu importe.



Xoves, 29 de setembro de 2022

Núm. 187

Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe do deterioro dos danados.

O Concello non poderá condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros aos que refírese este apartado.

### **ARTIGO 8º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

As transgresións do disposto na presente Ordenanza entenderanse como infraccións á mesma, por parte do/a titular da licenza ou do inmovible afectado, e poden comportar a resolución da licenza concedida, sen prexuízo das taxas, reposicións e sancións de carácter fiscal que puideran corresponder polos feitos realizados.

En todo caso, terán consideración de infraccións punibles:

- Destinar o espazo público afectado a fins ou usos distintos dos indicados na licenza ou o exercicio de dereito de vao sen ter a correspondente concesión ou autorización.

Serán sancionadas cada vez que se produza, como infracción grave con multa de 200 euros.

- Realizar alteracións da estrutura, colocar elementos físicos ou sinalizacións na vía pública sen a debida autorización ou non repoñer no seu estado inicial as alteracións realizadas nos espazos públicos para a concesión da autorización.

Serán sancionadas cada vez que se produza, como infracción grave, con multa de 200 euros, sen prexuízo da obriga de repoñer os espazos públicos ao seu estado inicial.”

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

Para todo o que non estea previsto na presente Ordenanza, rexerese polo establecido na Ordenanza Municipal da Mobilidade Amábel e da Utilización dos Espazos Públicos no Concello de Pontearreas, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 38, do 24 de febreiro do 2022, as súas modificacións, a Lei de Seguridade Viaria e calquera outra de rango superior que resulte de aplicación.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

Aquelas concesións de vao con autorización vixente no día da entrada en vigor desta Ordenanza e que, segundo ela, deban cambiar o sinal oficial de vao, disporán dun prazo de tres meses para entregar no Concello o sinal oficial recibido ao inicio da autorización e cambialo, de balde, polo novo sinal oficial obrigatorio.



Xoves, 29 de setembro de 2022

Núm. 187

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Esta ordenanza derroga expresamente o ANEXO II CONCESIÓN DE VADOS, da Ordenanza Municipal de Circulación “Adaptada á Lei 19/2001, de 19 decembro, de reforma do texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguranza Viaria, aprobado por R.D. Legislativo 339/1990, de 2 de marzo”, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 83, do 3 de maio do 2004, actualmente vixente, as súas modificacións e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoñan ao que establece a presente Ordenanza.

**DISPOSICIÓN FINAL**

Esta Ordenanza, unha vez aprobada polo Pleno da Corporación, entrará en vigor no prazo de 15 días hábiles a contar desde a publicación do texto íntegro do acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.



Xoves, 29 de setembro de 2022

Núm. 187

ANEXO I

PLACAS OFICIAIS PARA SINALAMENTO DE VAOS



A entrada en vigor da modificación producirase no prazo de 15 días hábiles, contados dende a publicación do texto íntegro do acordo no BOP.

Contra o acordo de aprobación definitiva, as persoas interesadas poderán interpor, ante a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.

O secretario municipal — Carlos López Quintáns

De conformidade co artigo 3.2 j) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional

(Documento asinado electronicamente)

